

Comunicado nº 068/17
27 de marzo de 2017

□ BECA PXP 17.

O piloto Alvaro P. Abeijon , e o seu copiloto Brais Mirón, achegáronse a “AR Vidal” co Presidente da “Federación Galega de Automobilismo”, e Ignacio Davila que oficiará de Director Deportivo das becas PXP17 e PXP18. Nas

instalacións comprobouse a nova unidade do Peugeot 208 R2, en fase de terminación, que será utilizada nas dúas probas da PXP 17. O equipo Abeijon-Brais escolleron as dúas probas, Rallye de Ourense e Rallye de Madrid 2017, por coincidir o Rallye de Ferrol e o Rallye Sur do Condado 2017, e estar a disputar a PXP 18.

BECA PXP17



□ CÓDIGO DE BO GOBERNO.

Ante a difamación tendenciosa, con comparación odiosa incluída, do escribente da “Revista”, sobre a actuación dun empresario que da servizos de vehículos de “Rescate”, e servizos asistenciais-médicos, no Campionato de España de Rallyes de Asfalto, sendo membro da xunta directiva da “Real Federación Española de Automobilismo”. Polo publicado na “Revista” o empresario-directivo presuntamente incumpre o “Código de bo Goberno” publicado polo “Consejo Superior de Deportes” e aprobado na Asemblea de data de celebración 4 de marzo de 2017.

Noutro eido “acusa” o “Team Medical Sport” que da servizos médicos, exclusivamente, sen ánimo de lucro e a prezos por debaixo de tarefa (sendo os perceptores directos os prestadores dos servizos).

O titular-propietario dos vehículos de “Rescate” de Galicia e a “Federación Galega de Automobilismo”, así como do seu mantemento e da súa total equipación. Para comprobación das tarefas dos vehículos, e dos servizos médicos, pódese consultar en “Derradeiros Comunicados” no nº 001/17, data de publicación 3 de xaneiro do 2017, en aras do estricto cumprimento do “Código de bo Goberno”, publicado pola “Secretaría Xeral para o Deporte”, da Xunta de Galicia, e aprobado e aceptado pola Asemblea da “Federación Galega de Automobilismo”.